


# PALLARES



MANUEL MARTÍNEZ MURGUÍA

Debuxo feito por Ana Cadavidé Castro

REVISTA ESCOLAR EDITADA POLO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA DO C.P.I. DE GUNTÍN E SUBVENCIONADA POLO  
GABINETE PROVINCIAL DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.  
CURSO 1999-2000

SUMARIO:

- EDITORIAL
- LETRAS GALEGAS 2.000: MANUEL MURGUÍA
- TRABALLOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E EDUCACIÓN PRIMARIA
- CONCURSO DE CÓMICS: TRABALLOS PREMIADOS
- TRABALLOS DE E.S.O.
- PÁXINAS LITERARIAS
- DEPORTES
- PASATEMPOS
- DESPEDIDA
- CONTRAPORTADA: MURGUÍA VISTO POLOS ALUMNOS DE 4º DA E.S.O.

## EDITORIAL

Queridos amigos e lectores:

Aquí está unha vez máis outra edición da Revista Pallares, unha mostra do traballo feito por alumnos e alumnas deste Centro con moito esforzo e adicación. Nós intentámolo facer o mellor posible; tédesnos que disculpar se cometemos algún erro.

Está feita en galego porque esa é a nosa lingua, coa que nacemos e convivimos todos os días.

Tamén queremos aproveitar para festexa-lo día das nosas letras, o Día das Letras Galegas, que este ano están adicadas a Manuel Martínez Murguía.

Esperamos que vos guste posto que está feita con todo o noso amor e agarimo.

Traballo feito polos alumnos  
membros do Equipo de  
Normalización Lingüística do C.P.I. de  
Guntín: Cristina, Eva e Hugo.

## MURGUÍA

Manuel Antonio Martínez Murguía naceu o 17 de maio de 1833 nas proximidades da Coruña. O seu pai Xoán Martínez Castro era farmacéutico. Súa nai era a guipuzcoana Concepción Murguía Egaña.

Entre 1843 e 1848 estudiou Latín e Humanidades cun preceptor. No ano 1850 obtivo o grao de Bacharelato en Filosofía pola Universidade compostelá e no ano seguinte matriculouse no preparatorio de Medicina e Farmacia.

En 1852 e ata a fin da década fixo contos, novelas, artigos e libros como La primera luz, que é un texto que explica cunha estructura de preguntas e respuestas, cuestións de lingua, relixión, etc., e este libro en 1860 convértese en texto escolar. Publicou a súa primeira novela no ano 1854, Desde el cielo e trata da visita romántica ó drama sublime do primeiro amor. No ano 1856 saiu publicado o seu primeiro artigo sobre Galicia no diario vigués La Oliva.

O 10 de outubro de 1858 casa con Rosalía de Castro; tiveron sete fillos. Tamén publicou La Virgen de la Servilleta e La mujer de fuego.

Murguía en 1868 resulta nomeado Secretario da Xunta Revolucionaria de Santiago. Perdeu o seu emprego e desde 1875 ata 1892 non tería un emprego estable. Son tempos complexos, dramas familiares ou cambios continuos de domicilio.

Nos anos 60 pasamos do Murguía literario ó Murguía historiador. Tamén viviu en Lugo durante algún tempo. Ós 53 anos quedou viúvo e ferido por unha vida chea de problemas.

Murguía sempre defendeu o carácter plurinacional de España nos artigos que el editaba en La Región Gallega, publicación que el mesmo dirixiu. Foi presidente da Asociación Rexionalista Gallega (ARG) e ós 57 anos preside o Comité Central da ARG, e tamén foi nomeado Presidente Honorífico de varios comités. A ARG publica La Patria Gallega que dirixiu Murguía. Tamén a ARG realizou actividades como o traslado de Rosalia, os Xogos Florais, a homenaxe a Murguía en 1892. En 1894 Murguía volta á Coruña.

Un ano despois edita En Prosa, onde expresa alegria ou sufrimento, emocións de amor ou fantasia. En 1905 Murguía era xubilado sen soldo; anos máis tarde, en 1918, ten lugar en Lugo a primeira asemblea nacionalista.

E o 2 de maio de 1923, aquel neno que nacera en Arteixo, que se fixera escritor, que namorara a Rosalia, que defendera a Galicia, e que quería que a escola e a misa fosen en galego, deixaba de existir. O Concello da Coruña facíase cargo das honras fúnebres. Ó enterro asistiron escolares, mozos do Círculo de Artesanos e das Irmandades da Fala, percorreron varias rúas e no camposanto escoitouse o Himno galego. Descansaría xunto a dous dos seus fillos. A primeira homenaxe tivo lugar en Viana do Castelo. E cando se cumpliu o primeiro ano da súa morte a homenaxe foi na Coruña. A partir de aquí fixéronlle varias homenaxes.

Por último lembrar que Murguía fixo tanto como o que máis para que a nosa lingua e cultura superasen tódalas travesías.

Traballo feito por:

Rocío López López  
Rocío López Reyes  
María Mar Vázquez Seijas  
de 4º da E.S.O.

¡¡OLA!! SOMOS OS MÁIS CATIVOS DO COLEXIO...

PERO TAMÉN... OS MÁIS GUPOS... ¿OU NON?

ÍMONOS PRESENTAR



CHAMOME ELENA

SON DE FAROS

TEÑO 3 ANOS



CHAMOME ALBA M.

SON DE VILAXUSTE

TEÑO 4 ANOS



CHAMOME LUCIA

SON DE GUNTIN

TEÑO 3 ANOS



CHAMOME ANTON

SON DE ZOLLE

TEÑO 3 ANOS



CHAMOME ALBA G.

SON DE REGUENGA

TEÑO 4 ANOS



CHAMOME LUCAS

SON DE LU GO

TEÑO 4 ANOS



CHAMOME

JAGO

SON DE

GUNTIN

TENO 4 ANOS



CHAMOME

ANDREA

SON DE

A CAL

TENO 4 ANOS



CHAMOME

ALBA R. L.

SON DE

GUNTIN

TENO 4 ANOS



CHAMOME

SILVIA

SON DE

CONSTANTE

TENO 4 ANOS



CHAMOME

ALEX

SON DE

VILAMEA

TENO 4 ANOS

MOITOS BICOS

PARA TODOS OS


LECTORES E

LECTORAS DE

"PALLARES"

# UN COMIC DE 5 AÑOS


ADAPTACIÓN DO: "RAPOSO  
LARPEIRO"




MOSQUITO

que nenito tan gordino  
volvío ni car no  
almo

Tenho unha fame que reb...  
Este mosquito  
Dabearane a  
caramelos



VÉSPORA



MERLO


Mira que véspora  
máis espalilada  
Con verem a dmha  
ase nta do



merlo merlino  
molas olo teu mino non te  
boufe com bacalhau erdum

min gallo

min galinha  
a rapina pa barrigui  
na




RAPOSO

raposo confiado

bauche pica




teu novo



PULGA

AUTORES: NEREA - MARTA - BRENDA - IVÁN  
RODRIGUEZ - LAURA - ILAN TAPADA  
maria - Luis - FANI - DIEGO - SHEILA

(1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA)




- Conto -  
(2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA)


Había un país cheo de plantas e con moito osísceno. Ali todos vivían felices.

Un día chegou un equipo chamado Cortadores. Traían unhas máquinas especiais e en pouco tempo cortaron todas as árbores. Os cortadores marcháronse e os habitantes daquel país enfadáronse moito porque non podían respirar e enfermaban. Os animais morrián todos e os paxaros marcharon para outro sitio. Todos estaban tristes e non sabían que facer. Aquel sitio parecía un deserto.

Un día apareceron no céo unhas nubes moi brillantes. Empenaron a caer estrelas e converxironse en moitas árbores. Así todos volvereron a respirar ben. Tamién vinieron os paxaros e vineiron contentos como antes.




# A MURALLA




Os nenos de 3º e 4º fiscemos unha viaxe a Lugo en Xaneiro visitando o Museo, a Catedral e a Muralla.

Continuando o traballo dos compañeiros de 6º amos ampliado paróndonos un pouco máis na muralla, que xa é Monumento Nacional desde o ano 1921 e que, agora, os lucenses estamos á procura de que sexa declarado Patrimonio da Humanidade.



Esta é a Porta de Santiago antes chamada "Porta do Pexigo". É o acceso á Plaza da Catedral.

Porta do Bispo Aguiarre.  
Aberta no 1984 para dar  
acceso ó (cemiterio) e ó  
noso seminario



Porta do Bispo  
Esquerdo ou Porta  
da Cárcere, construída  
en 1888 e que sirve  
de acceso a Plaza  
do Campo Castelo.

### Porta de San Pedro

Orixinalmente chamada  
porta Toledo. É moi  
estreita e da acceso á  
Rúa de San Pedro. Na  
parte de fora pode se  
ver unha torre flanque  
ada por dous leóns.

Porta da Estación  
Foi aberta en 1874 para  
dar acceso a estación do  
tren.



### Porta Falsa

Unha das más antigas  
da muralla. É un acceso  
peatonal á plaza do Ferrol.

## Porta de San Fernando


Primeira das portas modernas.  
Por aqui entrava o acueduto  
romano da cidade.

## Porta Nova

Era a antiga saída à Coruña


## Porta do Bispo Odario

Abrida en 1971 para dar acceso  
o Hospital de Santa María



## Porta Miña

Conocida como Porta do Carme.  
Ten unha placa conmemorativa  
do paso por ela do trovador  
Fernando Esquivel.




Unha  
boa

animálida

### A COELLA

Tenho unha coella  
Con sete coellos  
Branco e mousos  
E amareliños.  
Dá gusto velos  
Todos xuntiños  
Ben acurtucados  
Ali no niño.




### OS GATIÑOS

Tenho unha gata  
Con tres gatiños.  
O branco, o roxo  
E o amareliño.  
  
Dá gusto velos  
Tan pequeniños:  
Xogan e corren  
Os tres xuntiños.

### A VACA

Tenho unha vaca grande,  
Moi bonita é.  
Xa é moi vella.  
Pero o leite dá ben  
  
Traera un becerro  
Dentro duns meses  
E correrá pola corte  
Veces e veces.




### A SEÑORA ABELLA

Negra e amarela  
A señora abella  
De flor en flor  
Para leva-lo pole  
A súa colmea.

Coa súa boca chupadora  
Colle o pole  
Pero ás veces  
Picate, e ¡como doe!


Moi traballadora  
É a señora abella  
Para encher de mel  
A súa colmea.



### A MIÑA VACA

Tenho unha vaca rubia  
Que é moi pacerda  
E dá moito leite  
Pois é moi boa.

Cando a teño no estable  
Dolle moito de comer  
A ela e ó outro gando



### A PORCA


Tenho unha porca  
Que é comedora.  
Come moitas verzas  
E faise gardona.

Traera porquiños  
Dentro duns meses  
E mamarán nella  
Moitisimas veces

### A GATA

Tenho unha gata  
Que trouxo gatiños  
E algúns deles  
Son mareliños;  
Pero tamén hai outros  
Que son moi negriños

A gatiña nai  
Tenos ben coidados  
Dalles de mamar  
E carréalles ratos.



### AMIÑA AÑA

Tenho unha aña branca  
Que vai coa nai ó prado;  
Unhas veces pace herbas  
E outras pega saltos.

Cando volve para a casa  
Eu dolle faríña.  
¡Que gusto dá ver  
A aña branquiña.

### O GATO SIAMES

Tenho un gato siames  
Que come moito pienso  
Duralle o saco un mes.

Esta gordo e ben lucido.  
Da gusto ve-lo meu gato  
Tan limpiño e tan bonito

## O MEU CAN



### O MEU CAN

Eu teño un amigo  
Chamado Tarzan.  
É un bonito can.  
Xoga comigo no prado  
Co seu pau.  
¡Ai como salta o valado;  
mellor amigo ca el non hai.  
nunca mal fai.

### O AÑO

Teño un año branco,  
Bebe auga con fariña.  
Rebrinca no prado.  
¡Ai mi madriñaj!

Vai detrás das vacas.  
Se berro: ¡parade!  
Támén el para;  
E se digo: ¡andade!  
El tamén anda.



## O CABALO

Monto no cabalo  
Sen aparellar.  
Agárrome ben,  
Quéreme tirar.

Lévoo ó monte  
A que roia toxos.  
Para que se manteña  
Dejxoo solto.



## A CADELA NEGRA

Teño unha cadela negra  
Non hai outra coma ela.  
Teño unha cadela negra  
Que quedou sen nai.  
Vén comigo ás leiras  
E ó monte tamén.  
A onde vou eu  
Ela sempre vén.  
Comiga rebrinca  
E comigo xoga.  
É a miña amiguiña.  
A miña cadela  
É moi mansiña.

## A MIÑA GATA

Teño unha gata branca  
Que ten no rabo unha píntiña  
De cor amareliña.  
Cando ve un rato  
Corre tras del  
Ata o burato  
Se o colle, primeiro  
Xoga con el, un anaco.

## A PITA CHOCA

Hai unha galíña  
Con oito pitiños  
Picando na eira  
Os grans de millo.  
Van detrás dela  
Moi agudiños:  
Pican e esgallan  
Os meus pitiños.




## O GALO

O gallo cantador  
As sete da mañá  
Parece un espertador  
En vez dun animal.

Ten plumas de cores.  
Ten cresta vermella.  
Ten unhas nos pés  
E só patas traseiras.

Todo presumido  
Por entre as galiñas  
Como un señorito  
A todas conquista.




O meu can chamase Brandon  
E vai cumplir un ano:  
E se queres ser amigo del  
Tes que ser bo con el.

Cando non teño ningún amigo  
El xoga comigo.  
Tan pronto o chamo vén  
Para que xogue con el.

# CRIANÇA A

# CASTELAO



— Non venas á pedir máis a  
mína porta.  
— E pois logo a ver como vai  
vostede á pedir á mína.



— Teu pai e maito meu están  
a mal desque fai iso  
iso das eleucíos...



— País eu digoche que o  
xuez sale maito, maito  
maito.  
— ¡Y-é honrado, honrado, honrado?




O CAN - Domésticate, hom, e verás  
que vida máis regalada  
O RAPOSO - Non che nadin pra can.

Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao: Naceu en Rianxo (Coruña) 1886 - 1950.  
Escritor, debutante e conferencianta.


Obras: "Os velloz non deben namarzarse", "Sempre en Galiza" e "Cousas da Vida".

Lucha — Alex



A segun contan, os diputados ganan  
catro mil reais cada mes;  
— ¡Como non fixeran outo mal!  
*Silvia R.*

O sapo — Si te pezas a morte que  
ch' espera non comis  
tanto!  
*Dobedo*



- ; E logo non queres traballar?  
— Xa lle disseñan ó meu paí que  
me compre un acordián.  
*Dobedo*

— Vendiche ben a vaca?  
— Vendirí; pero ainda non me che-  
ga para abrattere da xusticia.  
*Silvia R.*


# CÍNECAMOS

# LUGO

O pasado vinte de Marzo fomos de visita a Lugo, entramos na catedral e no museo provincial, coñecemos un dos monumentos máis significativos, a súa muralla.


A CATEDRAL, está construída sobre edificacións relixiosas da época romana que soportaron varios incendios e outros contratempos dos que non quedan restos que se poidan ver.

Chamounos a atención a beleza e a riqueza dos retablos, as capelas da Virxe dos Ollos Grandes e de San Froilán, destacando o Altar Maior, e como non, a lámpada, que pesa aproximadamente unha tonelada.




## A MURALLA ROMANA

Aproximadamente fai uns dous mil anos os romanos empezaron a construí-la Muralla, cos materiais de lousa e granito. Nun principio os cubos ou torres disponían de varios pisos con fiestras para defendelas vivendas e ós seus habitantes. Na actualidade só quedan as da Mosqueira, que podes ver no debuxo, chamados así porque antigamente era unha zona de polbeiras. As polbeiras, non tendo conxeladores, golpeaban o polbo fresco e colgábanlo a secar, acudindo as moscas a el, de dí o seu nome.




## MUSEO PROVINCIAL

O edificio está construído sobre os restos dun antigo convento franciscano. Coñecemos a cocina típica galega, o claustro onde estaban os reloxos de sol, a sala de orfebrería con torques de ouro e prata e a sala da prehistoria.




**ALUMNOS DE 6º**


ESTE ANO O EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO COLEXIO CONVOCOU O I CERTAME DE CÓMICS "LETRAS GALEGAS". OS TRABALLOS QUE ACADARON PREMIO NESTE CONCURSO FORON OS SEGUINTES:








AUTOR: MIGUEL RODRÍGUEZ ANDRADE, 2º E.P.

AUTORA:  
CHUS LÓPEZ LÓPEZ, 1º E. P.






# AVVENTURAS DE QUIRA E MICO



AUTORAS: SUSANA RGVEZ. FDEZ. E LIDIA RGVEZ. RGVEZ., 4º E.P.

# O LEÓN QUE SE ATOROU CUN SOMBREIRO MÁXICO



O LEÓN FOI DAR UN PASEO POLA SELVA.



# O PRATO DO AVÓ




¡Vais! Caeume outro  
prato.



Telle que facer un  
prato de madeira  
o teu pai. Acabame  
coa vaixela.



Toma raga, xa  
non, che non  
verán mais pola



Por que o oso  
prefere a madeira

Forque lle  
treme o  
pulso e  
caéelle.



Que fará  
illor?

Un prato de  
madeira para  
cando te sexas  
máis vello.



Non sigas, que  
o avó, non  
comera mais  
no prato de  
madeira.



Hoxe mesmo  
queimarei  
o prato.



¡Ben feito!



Perdida raga  
sempre con-  
tas mo que  
comamos.




Perdoademe a miñ  
a culpa foi miña.

# IR Á COMPRA

VOUSVOS CONTAR COMO UN  
NENO AXUDA NA CASA E  
CONSEGUE O QUE QUERE



# O MONOPATÍN




# RESISTENCIAS




Na cova...

Muito depois escampou



Un mes depois.

Finalmente encontráronos e leváronos ó hospital mais cercano.



FIN

AUTOR: ÁNGEL OROSA RODRÍGUEZ, 2º ESO - A

## VIAXE Ó VERAL

Unha mañá de inverno con moita néboa os alumnos e alumnas de 2º de E.S.O. comezamos unha curta viaxe.

Saimos dunha cabana situada nunha pequena illa; ó seu lado había unha piscifactoría á que non pudemos entrar porque íamos facer moito ruído e as troitas non están acostumadas a visitas. Comezámo-la ruta río arriba; había unha cova onde vive unha parella de nutrias e saen pola mañá cedo polo que nos foi imposible velas; un pouco máis adiante atopamos un muiño moi vello pero non pudemos velo xa que non estaba o dono; ainda funcionaba. Logo había unha canteira de pedra que actualmente se usa para escalar e de inverno fórmase ó seu lado unha charca, sobrevoando a canteira pasou unha parella de garzas. Máis tarde cruzamos ó outro lado do río e seguimos un carreiro observando as numerosas árbores, logo cruzamos un regueiro saltando de pedra en pedra. Chegamos a un camiño de terra onde vimos a árbore máis vella da zona e un niño de paxaros na árbore do lado. Máis tarde chegamos a unha aldea chamada Abelairas. Nesta aldea había un forno no que antigamente cocía toda a xente da aldea, logo colemos unha carrilleira que nos levou ó Centro de Recuperación de Animais, por onde tivemos que pasar en silencio para que non se axitaran os animais enfermos; nesta finca ás veces vense cervos ainda que daquela non estaban. Logo regresamos á canteira por unha ponte distinta chegando así á fin da ruta.

Ó lado da cabana había unha árbore na que se atopaba un enxame de abellas. Despedímonos dos guías que eran moi simpáticos e portáronse moi ben connosco, collémo-lo autobús e voltamos para o colexio.


Eva Díaz López (2ºESO-A)

Verónica Corredoira (2º ESO-A)

Mª Carmen Fernández Castro (2º ESO-A)

Alba Rodríguez Vázquez (2º ESO-A)

Ana Rodríguez Gandoy (2ºESO-A)



Hortia Blanco (2º ESO - B)

# OS NOSOS CASTROS

A finais da Idade de Bronce, hai 2.700 anos aprroximadamente Galicia, (que aínda non tiña nome) era unha terra cuberta de bosques na que bulían paxaros, cervos, porcos bravos, etc, sin que ninguén os molestase.

Nos cumios dos montes ou nos outeiros vivían os habitantes. Estes poboados eran os castros.

A súa situación nas alturas explícase porque:

- Non tiñan boas ferramentas para tala-las árbores.
- Non había augas estancadas.
- A terra era máis branda para sementar.
- Defendíanse mellor dos inimigos.



Os castros eran de distintos tamaños. Estaban rodeados por varias murallas de pedra e ás veces tamén por fosos. Dentro das murallas estaban as casas que eran circulares e cubertas con palla e xestas. Diante da casa poñían o bebedoiro dos animais e, ás veces, o forno do pan. No interior había un banco de pedra e a lareira onde cocinaban; O piso era de barro. Non tiñan ventás. Ás veces, aparecen construcións anexas más pequenas que servían para garda-lo gando. As rúas eran de terra ou laxes.

## A VIDA NOS CASTROS

Os primeiros castrexos coñecían algo a agricultura. As leiras estaban situadas entre o castro e o muro que as rodeaba; ali pacía tamén o gando (vacas, porcos, ovellas, etc.) Non tiñan gatos (viñeron na Idade Media).

Comían pan de landras con manteiga e bebián cervexa e sidra. Cazaban no bosque porcos bravos e cervos ou pescaban no río bos peixes. Os de xunto ó mar collían ameixas, mexillóns, etc.

Estes habitantes eran bos canteiros facían murallas, bancos, muiños, todo de pedra. Coa pedra tamén facían esculturas, estatuas de guerreiros ou cabezas de animais para adorna-los muros das casas.



Había castros especializados en metalurxia. Ata que apareceu o ferro o material máis usado foi o bronce. Como tamén había ouro e prata fabricaron preciosas xoias que lucían homes e mulleres: Torques, diademas, brazaletes, etc.


Coñécese pouco do sentido relixioso destes habitantes. Hai quen dí que respectaban as forzas da natureza como si fosen deuses: O trono, os raios, etc., e que enterraban ou queimaban os seus mortos.

A vida nós castros cambiou moitísimo coa chegada dos romanos.

#### OS CASTROS DE GUNTÍN

No noso concello abundan os castros, rara é a parroquia que non teña algún lugar co topónimo de Castro.

Ningún foi excavado, pero moitos xa están catalogados e outros estudiados como "posibles".



I: "Castro da Retorta"

2: "Castro do Xuriz"

3: "Castro de Zaide"

4: "Castro de Lemparte"

5: "Castro de Guntín"

6: "Castro de Picato", S. Martiño de Monte de Meda.

7: "Castro da Igrexa", Mosteiro.

8: "Castro de Mougán"

9: "Castro de Piñeiras"

10: "Castro de Castelo" (Castelo Pequeno)

II: "Castro de Amedo ou de Villarmao"

I2: "Castro de S. Mamede"

I3: "Castro de Ferroi"

I4: "Castro de Francos"

I5: "Castro de San Xillao" (Castelo Grande)

I6: "Castro das Croas"

I7: "Castro de San Vicente"

I8: "Castro de Grolos"

2º A E.S.O. Carmen

M. del Carmen

José  
Veronica

Eduardo

**\*GRUPO DE TEATRO\***

Como ben sabedes todos, o noso mestre e amigo ISMAEL tivo que marxar do noso colexio por razóns profesionais. Certo é que, máis que amigo, era un compañeiro porque portábase moi ben con todos, a pesares de que ás veces se enfadase, pero os seus enfados estaban xustificados xa que nos pasabamos da raia. El era quen organizaba e preparaba as nosas representacións (coas que gañamos muitos premios, hai que dicilo), sempre coa colaboración de tódolos mestres.

En resumo: ISMAEL DEULLS UNHA NOVA COR ÓS NOSOS FESTIVAIS. Todos o botamos moito de menos, GRACIAS por todo ISMA.

De todos xeitos o teatro non morreu. Agora temos unha nova mestra: MARGARITA Fernández López, coa que estamos ensaiando a obra de Castelao "OS VELLOS NON DEBEN DE NAMORARSE". É a primeira vez que neste colexio se representa unha obra de tal importancia. É unha peza moi divertida que trata sobre tres velllos que se namoran e a consecuencia disto morren. Esperamos que vos guste.

E xa que falamos de agradecementos, non queremos esquecernos da axuda e apoio que nos prestan algúns mestres, en especial Dona ANA, de educación infantil, que bota horas e horas preparando traxes e decorados para nós. Moitas gracias a todos.

Quedades invitados á función, non faltedes. Un saúdo.

**Autores:**

.CRISTINA R. ANDRADE, 1ºB ESO

.EVA DÍAZ, 2ºA ESO

.HUGO SANTOALLA, 3ºA ESO

(Representantes dos alumnos no Equipo de Normalización Lingüística)



## CONXUNTO INSTRUMENTAL "XANAZ"

No ano 1.989, por iniciativa do cura das parroquias de San Pedro de Mera, Vilamaior do Negral, Santa Cruz e San Román da Retorta e dalgúns pais e nais, fundouse esta agrupación.

Os seus integrantes son todos alumnos, ou ex-alumnos do Colexio de Guntín. Na actualidade forman parte deste conxunto Marta, Jesús e Jaime Fernández Jul, María López Sánchez, Nieves Uriz Carreira, Vanesa e Sandra Viña Blanco, Verónica e Óscar Varela García, Diego Carreira Lamas, Sara e Manuel Villar Vázquez. Tamén pertencen ata hai pouco Susana e Eva Doel Mourenza, Javier López Campo e Lucía Vázquez Jul.

O obxectivo principal desta formación é o de facilitarllles ós fillos e fillas das familias destas parroquias unha formación musical básica que lles permita descubrir e valorar a música e contribuír á súa formación xeral.

O seu primeiro director foi o lembrado Pedro Prósper Pardo que dirixiu o grupo durante tres anos, ata que caeu enfermo e, posteriormente, faleceu. A Pedro sucedeuno o profesor e director actual Xesús Álvarez Lozano.

Este grupo actúa case sempre nas festas anuais de cada unha das parroquias citadas pero, ademais, teñen actuado en celebracións do Nadal en San Román, varios anos no Festival de Nadal de Guntín, no de Caranza (Ferrol), na misa do Día da Augardente de Portomarín, na Capela de San Roque de Lugo e, por dúas veces, na Televisión de Lugo. Agora teñen contraído o compromiso de actuar na Televisión de Galicia. Agardamos que poidan actuar tamén para nós, para todos os alumnos e alumnas do noso colexio.

SARA-VERÓNICA-OSCAR



## CANTIGA DE XAQUÍN E MARICA (POPULAR)

- XAUQUÍN: -Marica, ¿estás na casa, podo entrar unha miguiña?  
MARICA: -Entra, Xaquín, entra dentro hasta chegar á cuciña.  
XAQUÍN: -Boas noites tía Marulla.
- MARICA: -Ola Xaquín, e víñeche,  
desque non te vin afellas moi falado te fixeche.  
Pasa ali pa tras do lume e estén un pouco sentado,  
mentras vou berrar á filla e máis dou a cena ó gado:  
"Ai Antoña, malo raio te deixara sen fuciños,  
trai un pouco de herba seca pra dar a estes becerriños."  
"Chégate pa tras, Marela, seica estás moi deseosa,  
quérelo comer ti todo e non deixar pra Garbosa;  
¡Que conxenada de vaca, veña o diablo que te leve!  
Pegou un couce mui grande e non sei se a min se á parede.
- XAUQUÍN: -Vouche alumar, Marica.
- MARICA: -Non Xaquín, estén sentado,  
vou volver berrar á filla a ver se vén de contado:  
"Antoña, ¿que estás facendo? ¡Como chegue a ir buscarte!  
un raio parta ós nabeiros se de min has de acordarte."
- XAUQUÍN: -Ten más pacencia, Marica, non te poñas enfadada,  
que ó millor está o merlo enseñándolle a bicada.
- MARICA: -Xaquín déixame de contos, de merlos e de bicadas,  
que é mellor criar becerros ca fillas maladucadas.
- XAUQUÍN: -Marica, tu fuche moza.
- MARICA: -Fun, certo, das ben honradas.
- XAUQUÍN: -Si, muller, si, pro daquela tamén se cocian fabas.
- MARICA: -Daquéla, meu Xaquincíño, non viás mozas rapadas,  
nin saias polas rodillas, percen meigas esganadas.  
Non bailabamos parcheles, asupas nin as antoñas,  
non pintabámo-la cara, mesmo percen carantonás.
- XAUQUÍN: -Neso tes razón, Marica, non che contradigo nada,  
cantas veces tes bailado a mazurca salteada,  
os valses agarradiña, os chotis e a muiñeira,  
así balabamos antes e aora doutra maneira.
- MARICA: -É certo que se bailaban os chotis e a muiñeira,  
mais non se iba pra porta, sin luz, unha noite enteira.
- XAUQUÍN: -Marica, nos nosos tempos o candil ben se levaba,  
pero ó dormecer os vellos, ben sabes que se apagaba.
- MARICA: -Pois hai que deixar os contos, en vez de facer o bobo  
hai que dar o seu ó tempo e ás mozas un rapaz novo.
- XAUQUÍN: -Vouche decir ó que veño, que o tempo logo se pasa,  
que xa son as dez da noite e traigo a chave da casa:  
ben sabes que teño un fillo, bonito coma unha estrela.  
Vénoche pedir a filla, que se quer casar con ela.
- MARICA: -Ai, Xaquín, danseme tortas, xúrolle á palla do millo,  
que non quero á miña nena pro balradán do teu fillo.  
Non sabes que ten bos leiros, que seu pai, Dios llo perdone,  
llos donou á súa morte. Aquel si que era bon ome,  
o Farruquiño do Trobo, o meu homiño querido,  
que anque durara cen anos, nono deixaba do olvido;  
cada vez que del me acordo, sempre nel estou pensando,  
e paso os días e as noites desesperada chorando.  
Pódeste ir da miña casa, levarme a filla no habedes,  
ti quéresme deixar sola no medio destas paredes.
- XAUQUÍN: -Marica, sola non chores, escóitame o que che digo:  
é millor casa-los fillos e ti casarte contigo.  
Ti terás setenta anos...
- MARICA: -Eínda os fago pra xaneiro.

- XAUQUÍN: -Pois eu xa cumprín ochenta o vintetres de febreiro;  
 mais atópome reposto do corpiño e mais da fala,  
 que se Dios nos da unha nena, teño forza pra señala.
- MARICA: -Ai, Xauquín, tu di-las cousas de tal xeito e tan bon modo,  
 que mesmo me estás poñendo convencidiña de todo.  
 Aora xa non me acordo tan siquera dos defuntos,  
 dame a risa cando penso que habemos de durmir xuntos.
- XAUQUÍN:  
 MARICA:  
 XAUQUÍN:
- Marica dame unha aperta. -Ai Xauquín que modo ese.  
 -Ai que casarnos axiña, non fagamos que nos pese.  
 E a voda dos rapaces, non falemos nada deles,  
 primeiro somos nasoutros e despox casaranse eles.

Cantiga recollida en Fontao (Zolle)

### CONTO DE MEDO

Había unha vez unha historia moi vella que ainda hai vivos que lembran perfectamente, e se hai mortos por medio e non morreron de por si, alguén os matou.

Era por mor dunha vella; unha condenada dunha vella que era das más malas que había no pobo. Tiña unha mala lingua. Non había casa nin fama que ela non deixara envenenada para unha longa tempada. Sempre se andaba metendo nas vidas alleas e mesmo engadíndolleis cousas malas.

Certo dia tres homes feitos e dereitos decidiron darlle unha malleira á vella; agardaron a que a noite metese a cadaquén na súa casa, e alá foron os tres homes cara a morada da vella onde colleron paus para lle bater. Un colleu o cabo dun machado, outro unha vara de abelá e outro un fungueiro do carro.

Unha vez dentro da casa dirixíronse ó cuarto da vella que estaba estarricada na cama e tiña unha vara longa e unha noxenta camisa de estopa. Entón os tres homes bateron na vella ata cansar do esforzo. Cando atoparon a falta da vella esta estaba xa morta. Entón os homes pagaron duras penas no cárcere onde lles pasou o seguinte: *a vella cobrou a súa vida e empezou a petar neles, como eles lle fixeran a ela.*

Cando os homes se recuperaron o espírito da vella convertérase nunha pantasma a cal lles meteu o susto más grande que endexamais levaran na súa vida e fixolle prometer que xamais voltarian a facer cousas malas coma esta.

*Conchi Rodríguez Vilarino de 2ºA E.S.O.  
 Beatriz de Sousa López de 2ºA E.S.O.*

## O RAPACIÑO DOS OLLOS TRISTES

O rapaciño dos ollos tristes  
está soíño na vida,  
non ten trasno, nin fada,  
nin amigo, nin amiga.  
Só ten castelos de area  
e un pazo de mentira,  
un xoguetiño de pedra  
e a súa ínmensa fatiga.  
Meu pobre, pobre rapaz,  
se eu puidese axudarche,  
ata sería capaz  
da miña vida prestarche.  
E se ti non ma volvíás  
ben prestada quedaría  
pois estaría orgullosa  
de darche esa alegría.  
Nin un triste anaquiño de pan  
tes para meter na túa boca.  
Nin un pai, nin unha nai,  
nin unha irmá agarimosa.  
Boíño coma unha xoia,  
mais pobriño, xoia non tes,  
a terra está así feita,  
o mundo é como o ves.  
Xa non hai un feiticeiro  
que poida facer boa maxia,  
xa non hai un pallasiño  
que che poida facer gracia.

Mais, neníño, non chores,  
non chores máis rapaciño,  
que se non tes a ninguén  
aquí tes o meu cariño.  
Polas noites moito frio,  
polo día o calor,  
non tes axuda, nin mimo...  
alegría nin amor.  
Amiguiño das nubes,  
bo compañoiro da lúa,  
busca unha luz para alumear  
a tremenda noite escura.  
As túas bágoas de prata  
mestúranse coa auga do mar,  
unha angustia que te mata  
¡ai, deixa xa de chorar!  
Bolboretiñas do monte,  
aís de liberdade,  
liberade a súa alma  
que está presa cunha chave.  
Esmeraldas os teus ollos,  
tes sucio o pantalón,  
de prata é a túa alma,  
de ouro o teu corazón.  
O teu corpo está preso  
con cordóns e con cadeas,  
xúroche que o hei de soltar  
polos millóns de estrelas.

CRISTINA RODRÍGUEZ ANDRADE, 1º B E.S.O.

...

## A AVENTURA DA BESVENTURA

Iolanda era unha nena de tremendos ollos grandes e escuros, pelo negro e brillante e cun enorme sorriso nos beizos que nunca esmorecía.

Ela non era nin alta nin baixa, nin gorda nin delgada; simplemente era eso: unha nena de quince anos que vivía en San Isidre. Alí, nun pequeno pobo onde non había máis rapaces para xogar, nin unha miserenta tenda onde mercar nada.

Por riba, Olga, súa nai, era empresaria e marchaba de mañá cedo para a súa luxosa oficina e non volvía ata as dez da noite.

Seu pai era médico e tamén estaba todo o día ocupado. Como non tiña irmáns, Iolanda quedaba co Lucinda, a ama de chaves, unha vella regordecha que pasaba o día cosendo, sen preocuparse absolutamente por nada.

A rapaza estaba farta da vida que levaba, nunca lle pasaba nada interesante, nada divertido...

Un día ó saír da escola Iolanda non pillou o autobús para voltar á súa casa; agardou a que todos marchasen e foise despois po-

las rúas de Lugo sen rumbo. Levaba dez mil pesetas no peto para gastalas no que quixera, para poder pasar a mellor tarde da súa vida. Sen preocuparse por nada, andivo de bares ata emborracharse. Eran as dez da noite e alí estaba Iolanda, tirada nun calexón entre os móntons do lixo, sucia e cunha botella de whisky na man.

Achegáronsele uns mozos de malas pintas cunha xiringa na man. Sen darrle tempo a fuxir, pinchárona e deixárona alí tirada.

Nese intre pasaron por alí uns gardas e ó ver que a rapaza non reaccionaba levárona ó hospital. Alí desintoxicárona e lavárona, despois chamaron ós seus pais e estes viñeron coma lóstregos. Entón a nena púxose a chorar nos brazos da súa nai: ¿De que lle servira a diversión se estivera a piques de morrer? Preferiría mil veces pasar unha tarde tranquila no seu pequeno pobo ca vivir unha aventura que máis ca aventura fora desventura.

CRISTINA RODRÍGUEZ ANDRADE, 1ºB E.S.O.

...

#### A NENA AFORTUNADA

Érase unha vez unha nena moi pequena, tan pequena que non lle chegaban os raios do sol. Ningún a vía. Tan só comía terra e area pero non lle cabían na boca.

Un día atopouse diante dunha casa moi pequena áinda que a ella pareceu xigantesca. Meteuse por debaixo da porta e berrou, ninguén respondía. Entón apareceu un home pequeno, rei daquela mansión, e preguntoulle á nena o que lle pasara. Despois deulle unha poción máxica e ela empezou a medrar ata que se volvے xigantesca. Comía cochos e outros animais enteiros. Con cada paso avanzaba douscentos quilómetros. En pouco tempo chegou ó deserto e alí comeu todos cantos animais había. Despois chegou á selva amazónica e tampouco deixou ningún animal dos que nela habitaban. O mundo enteiro toleaba, tiñan medo de que chegase ós seus pobos e cidades. A nena-xigante púxose moi triste porque non tiña ningún amigo. Entón foi outra vez a xunto do mago e este deulle a forma actual. Tan contenta se puxo que morreu dun ataque de risa. Daquela todo o mundo se botou a chorar e anegáronse todos os pobos e cidades que había cerca dos mares e océanos. A pesares de todo o que fixo todo o mundo lle quería.

Mª LUÍSA RODRÍGUEZ DÍAZ, 1º B E.S.O.

## Á fin, felicidade

Álex era un xove de 17 anos, moi alegre e divertido, ó que lle gustaba saír de noite cos seus amigos e a súa noiva. Tiña problemas na casa: o seu pai pegábale á súa nai, e algunha vez, tamén á súa irmá, Andrea, de 13 anos.

Un día cando chegou á casa despois dunha noite de "juerga", atopou á súa nai tirada no chan, sangrando por tódolos lados. Ó vela así, Álex no único que pensou foi en matar ó seu pai, pero logo deuse conta de que se o facía arruinaria a súa vida.

Despois dese turbio pensamento, colleu o teléfono e chamou a unha ambulancia, dixéronlle que chegaría en dez minutos máis ou menos. Neses dez minutos, foi ó cuarto da súa irmá, atopouna durmindo. Ela estaba ben. Despois de asegurarse de que a Andrea non lle pasara nada, foi á habitación dos seus pais, para ver se atopaba ó seu horrendo pai, e así foi, ali estaba el, durmindo por encima da cama; ó seu lado había unha botella de whisky e outra de xenebra, as dúas estaban baleiras e el estaba totalmente borracho. Saíu da habitación e foi ó baño, de onde colleu toallas, nas que intentou envolver á súa nai para que non perdera moito sangue. Entón, foi á habitación de Andrea, espertouna e explicoulle o sucedido; ela vestiuse e saíu da habitación.

Ó pouco tempo, xa chegou a ambulancia, e marcharon a un hospital. Xa no hospital, os médicos examinaron ben a Isabel, que así se chamaba, e déronse conta de que tiña a clavícula, o oso do nariz e o brazo esquerdo rotos, tiña moitas feridas por todo o corpo.

No hospital Álex e Andrea chamaron á policía e explicáronlle todo o que sabian, entón a policía foi á súa casa e arrestou a Alfredo; só pasou 23 meses no cárcere.

No tempo que pasou Alfredo no cárcere, Isabel curouse e refixo a súa vida ó lado dos seus fillos e dun home bo, honrado e traballador, chamado Eduardo.

Despois daquel accidentado e horroroso día todo seguiu ben: Álex coa súa noiva Clara, Isabel con Eduardo, e Andrea coñecera a un rapaz moi guapo chamado Ricardo. Todo lles ía ben, ata que un día Álex e Clara discutiron: ela foise moi cabreada e ó cruzala rúa atropellouna un coche. Álex, que o vira todo a través da ventá, saíu correndo, pero ó chegar á rúa viu a Clara tirada no medio da estrada cun charco de sangue ó seu lado. De seguida chamou a unha ambulancia, pero cando chegaron xa non había nada que facer: Clara morrera xa que o impacto do coche rompéralle varias costelas que lle oprimían os pulmóns e non a deixaban respirar.

Ós dous ou tres días enterraron a Clara, pero Álex estaba moi mal, atopábase sumido nunha profunda depresión. Durante os dous anos que durou esa depresión Álex dicía que el tiña a culpa do que pasara, polo que varias veces intenou suicidarse, pero nunca o conseguiu.

Tres anos despois da morte de Clara, unha fría mañá de inverno ia andando a toda presa por unha rúa todo distraído, cando de repente chocou cunha rapaza. Era unha rapaza moi guapa, co pelo moi longo e de cor marrón e os ollos azul celeste, alta e aparentaba 20 anos. El púxose moi nervioso polo que pasara, pediulle perdón e foise. Pero algo había naquela rapaza, xa que non pudo quitala da cabeza en todo o día.

Ó día seguinte volvے por aquela rúa, porque quería volver ver aquela rapaza e conseguiuno. Acercóuselle, presentouse e preguntoulle se se acordaba del; a rapaza dixo que si e que ela se chamaba María. Foron a unha cafetería, tomaron un café e estiveron charlando. Quedaron para outro día, e para outro dia..., e para outro dia...; nun deses días, Álex contoulle a María o que lle pasara a Clara. Nese mesmo día, Álex púxose a pensar en María e en Clara e deuse conta de que antes se enamorara de Clara pero agora enamorárarse de María; entón pensou en dícirilo ó día seguinte:

A mañá seguinte, Álex ergueuse moi apurado e nervioso, tomou un café con leite na casa e saiu correndo á floristería da esquina para comprar unha rosa vermella. Comprou a rosa e foise ó bar no que quedara con María, atopouna sentada xunto á ventá lendo un periódico e tomando un café. Álex chegou á mesa, saudou a María, sentouse, mirouna ós ollos, deulle a rosa, e díxolle que a quería, ela abrazouno e díxolle que ela tamén o quería.

Saíron daquel bar agarrados da man.

Á Álex por fin foille ben despois de coñecer a María. Carlos quedouse con María, Isabel con Eduardo e Andrea con Ricardo.

Estes foron cinco anos da vida dunha familia galega, normal e corrente.

Rocío Castro (2ºB-ESO)

## Ó EQUIPO DE BALONMÁN

Os chavales de Guntín  
Con un balón na man  
A todos van vencer  
Xogando ó balonmán.

Os rivais perderán  
E morrerán do corte  
Díso encargarase  
O noso porteiro Jorge.

É un rapaz entusiasta  
Un mestre do balón  
E ademais de todo iso  
Luís é un camplón.

Antonio é unha marabilla  
Un rapaz espectacular  
E con el no equipo  
¿Cómo non lmos gañar?

Xa che digo eu  
Correndo é un robot  
Xogando unha máquina  
E chámase Jacob.

Non hai ninguén mellor  
Para uha palliza darvos  
É todo un camplón  
E chámase Marcos.

Se xegas contra eles  
Saberás que é certo  
Non hai quen polda  
Co bo do Alberto.

Dígocho de verdade  
E non cho nego  
Son a revolución  
E chámense "Diegos".

É un espléndido xogador  
E xa ten muitas fans  
Xoga con decisión  
E por nome ten Julián.

Nin que xoguen en Guntín  
Nin que xoguen en Lugo  
Está claro que gañarán  
Gracias ó apolo de Hugo.

E hai algun que,  
Co balón é mago  
¿Quen poderá ser?  
O fabuloso Tiago.

Vós sabor amargo,  
Nós sabor a mel  
Sabor a toda victoria  
Gracias a Manuel.

Ten unha mestranza  
Que non é normal  
Óscar é o seu nome  
E xoga xenial.

Ademais este equipazo  
Ten algunas novedades  
É camplón provincial  
Dende aquí !FELICIDADES!

Cristina Rodríguez Andrade 1ºB-ESO

# DEPORTES

O noso colexio, o C.P.I. de Guntín, deportivamente está integrado na zona sur da provincia. Nesta zona tamén están os colexios de Palas, Friol, Antas e Monterroso. Este ano participamos en moitos más deportes que de costume con bastantes bons resultados.

Imos empezar polo campo a través xa que foi a primeira especialidade en empezar a competición. Este ano só se celebraron dúas probas por causa do mal tempo. Os resultados foron:

## BENXAMÍNS:

OURO: Isaac Valín Álvarez

PRATA: Aránzazu Fernández Vázquez

BRONCE: Andoni Garea López e Eva Fernández Castro.

## ALEVÍNS:

OURO: Diego López López

PRATA: Alejandro Rodríguez Estévez e Beatriz Isabel L. Andrade

## INFANTIL MASCULINO:

OURO: Pablo Pena Teijeiro

## CADETES FEMININO:

OURO: Ana Cadavide Castro e Verónica Varela García.

Todos os que quedaron no 6º posto ou en anteriores foron ás competicións provinciais, menos os benxamíns que non poden ir. Os que foron ás provinciais quedaron bastante ben pero non puideron clasificarse para os galegos.

## FÚTBOL SALA

### BENXAMÍNS:

1º -CEIP de Monterroso nº 1-A

2º -CPI Dr. López Suárez de Friol

3º -CEIP de Antas de Ulla

4º -CPI de Guntín

5º -APA CEIP de Monterroso nº 2.

### ALEVÍNS MASCULINO:

1º -CEIP de Monterroso nº 1-A

2º -CPI Dr. López Suárez de Friol-A

3º -APA CEIP de Monterroso nº 2

4º -CEIP de Antas de Ulla-A

5º -CPI de Guntín

6º -CEIP de Antas de Ulla-B

7º -CEIP de Monterroso nº 1-B

8º -CPI Dr. López Suárez de Friol-B

### INFANTIL FEMININO:

1º -APA IES de Monterroso

2º -CPI Dr. López Suárez de Friol

3º -CPI de Guntín

- INFANTIL MASCULINO:**
- 1º -APA IES da Monterroso-A
  - 2º -CPI de Guntín-A
  - 3º -APA IES de Monterroso-B
  - 4º -CPI Dr. López Suárez de Friol
  - 5º -CPI de Guntín-B

### VOLLEYBALL

#### INFANTILES:

##### GRUPO A

- 1º -Emevé-A
- 2º -Seminario
- 3º -Mª Auxiliadora
- 4º -Baralla-F

##### GRUPO B

- 1º -Franciscanos
- 2º -Baralla-M
- 3º -Emevé-B
- 4º -Guntín

Pasamos ás provinciais xa que non había equipos na zona pero tivemos mala sorte e non gañamos ningún partido.

### BADMINTON

Tamén pasamos directamente ás provinciais pero tampouco houbo sorte e non puidemos ir ós galegos.


### BALONMÁN

O noso equipo infantil masculino de balonmán era o único da zona e, polo tanto, clasificouse directamente para a fase provincial na que eliminaron ós equipos de Burela e Xogos Arume quedando, desta maneira, CAMPEÓNS. A nosa noraboa para todos eles: Jor, Gandoy, Luís Fandiño, Manuel Teijeiro, Marcos Valín, Jacob Gay, Alberto Vázquez, Diego Rodríguez, Julián Núñez, Diego Carreira, Hugo Conde, Tiago Pereira, Óscar Pérez e Antonio Rodríguez.

E, como non, temos que felicitar dun xeito moi especial ó seu entrenador JOSÉ LUÍS CONDE polo éxito acadado e agradecerlle toda a súa adicación e todo o seu traballo desinteresado, o mesmo que a todalas persoas que colaboran nas distintas especialidades deportivas.

Agora xa só nos falta desexarlles moita sorte nos Campeonatos Galegos que se celebrarán no Grove neste mes de maio.

**¡¡ÁNIMO CAMPEÓNS, GUNTÍN ESTÁ CON VÓS!!**




EVA DÍAZ LÓPEZ  
Mª CARMEN FDEZ. CASTRO  
VERÓNICA CORREDOIRA  
ALBA RGUEZ. VÁZQUEZ  
ANA Mª RGUEZ. GANDOY

(2º ESO-A)

# BUZÓN

## DE SUGERENCIAS



Os nenos e nenas de 1º e 2º da ESO queremos unha excursión fóra de Galicia. Témo-lo mesmo dereito cós demais cursos.

Que non vixén tanto os profesores nos recreos, que xa somos maiorciños.

*Que tódalas profesoras deixen recuperar los exames con notas moi baixas antes da avaliação*

Que nos deixen saír ó corredor nos cambios de clase.

Que nos poñan teléfonos no colexio.


CANDO NOS EXPULSEN DE CLASE SE A FALTA É GRAVE QUE NOS MANDEN FIRMAR E, SE NON É GRAVE, QUE NOS DEIXEN NO CORREDOR.

Realizado por: LIDIA,  
SANDRA, JÉSSICA E  
MARTA de 2ºB-ESO


Que os profesores tarden 5 minutos polo menos entre clase e clase.

# MOTOR E OCIO


Textos: Beni García, Mario López e Moisés Villar  
Debuxos: Carlos Rey




O Saxo VTS. Leva un motor 1.9. Leva tódolos extras. De cero a cen en 10 segundos.



O Peugeot 205 GTI 1.9 con tódolos extras. Este coche leva tracción dianteira. Media de consumo 7 litros ós 100 km/h.



Porsche 911 turbo carreira. Este coche está preparado para andar a grandes velocidades. Leva un motor 2.800 turbo inxección. Máxima velocidade 240 km/h.



Suzuki Vitara. Leva un motor JLXTD 1.900 con tapizado de coiro e ten tódolos extras. Media de consumo de 11 litros ós 100 km.

# PASATEMPOS

## ¿QUEN É QUEN?

Rocío



Maria




David



Silvia



Sara



Isabel


Suso




Javier



Ana



Verónica



Germán



Carlos



Pamela

Sonia

ALUMNOS DE 4º DA ESO

### **PASATEMPO DEPORTIVO**

Busca os nomes de 8 xogadores de fútbol de primeira división:

R	A	U	L	L	G	H	I	T	E
I	E	U	D	U	T	R	U	E	L
V	T	V	S	G	U	R	E	T	N
A	R	N	I	R	I	V	A	L	O
L	P	L	M	V	F	S	J	N	L
D	B	A	J	K	O	W	N	A	K
O	C	D	O	N	A	T	O	I	T
Z	Y	O	G	G	U	T	I	N	J
X	N	O	G	U	T	O	D	K	F
G	U	A	R	D	I	O	L	A	J

Busca nestoutro encrucillado os nomes dos profesores que nos dan clase na E.S.O.:

R	A	J	Z	U	Y	I	E	N	V	X	A	E	T	E	S	A	A
J	O	L	V	X	A	V	I	M	H	T	U	E	S	S	Y	S	T
E	U	L	L	I	V	R	A	R	I	O	N	N	E	M	Y	X	X
V	O	I	V	O	H	O	R	T	E	N	S	I	A	R	Ñ	N	K
Q	I	K	I	I	S	A	B	E	L	E	S	S	T	L	M	N	F
Ñ	K	L	F	R	D	T	I	R	E	M	A	R	T	A	N	P	S
T	V	X	T	A	R	O	C	E	L	I	A	L	M	O	P	Q	C
A	C	B	B	S	E	R	A	S	Y	M	S	A	N	D	R	V	X
M	A	O	J	O	S	E	R	A	M	O	N	E	Y	S	M	Y	M
P	T	V	V	R	P	X	R	T	M	A	S	F	A	A	M	N	I
C	K	L	F	A	E	E	T	R	M	O	E	O	P	Q	A	R	S
C	R	L	Y	N	R	D	S	J	T	S	A	L	S	T	I	V	X
M	A	O	R	S	A	C	B	A	I	T	I	R	S	T	I	V	X
Y	S	M	Y	M	N	P	I	T	N	D	R	Y	C	R	B	L	O
B	S	Z	V	A	Z	R	X	Y	E	V	A	S	M	C	E	I	H
F	C	I	H	J	A	L	E	U	N	A	M	R	F	V	L	D	X
L	S	V	A	M	X	V	D	E	A	D	M	O	Y	S	M	Y	M

# ADEUS...

Queremos despedir como se merecen  
a uns amigos que queremos,  
márganse do colexio  
pero non os esquecemos.

Aquí experimentaron  
a tenrura e a ilusión  
e agora téñense que ir  
e lévannos o corazón.

Aínda que nos deixen  
estarán sempre con nós  
pois dudo que atopemos  
uns compañeiros tan bos.

Nós quixeramos que quedasen,  
¿Porque teñen que marchar?  
E por moito que eles choren  
nós tamén imos chorar.

Estas palabras que decimos  
decímolas de verdade  
vaiades onde vaiades  
terede-la nosa amizade.











Así poñemos fin  
a este curto poema  
pois decirles adeus a eles  
danos moitísima pena.

E deixándonos de tristezas  
chegou xa a despedida,  
non vos poñades melancólicos  
e que viva a alegría.

Adeus pois logo amiguinhos  
aquí remata o xornal  
e con todo o noso cariño  
!que o pasedes xenial!

!Viva o noso colexio!

Feito por: Cristina Rodríguez, Eva Díaz, Hugo Sanfoalla.



ALUMNOS DE 4º DA ESO